

Sométese dito expediente o trámite de información pública, na Secretaría do Concello. De conformidade co previsto no artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, publícase o acordo de iniciación no BOP. Un exemplar do dito Boletín exporase no taboleiro de anuncios deste Concello durante 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da súa inserción. No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación do anuncio no taboleiro da Corporación, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación, alegar por escrito canto estimen conveniente aos seus dereitos ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas pretensións.

En Forcarei, a 11 de febreiro de 2011.—O Alcalde, David Raposeiras Correa,

**2011001603**

\* \* \*

## **GONDOMAR**

### **A N U N C I O**

De conformidad e co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal a D<sup>a</sup> Eugenia Luis Meléndez, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase ao interesado, para que no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a notificación que a continuación se relaciona, obrante no expediente administrativo nº 65/2010.

— Traslado da Información previa de data 22 de novembro de 2010.

Gondomar, a 12 de xaneiro de 2011.—O Alcalde, Martín Vicente Urgal Alonso.

**2011000962**

---

### **A N U N C I O**

De conformidad e co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal á Empresa 60 Watios S.L., no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase ao interesado, para que no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a notificación que a continuación se relaciona, obrante no expediente administrativo nº 10404.

— Traslado da Resolución de Alcaldía de data 12 de novembro de 2010.

Gondomar, a 12 de xaneiro de 2011.—O Alcalde, Martín Vicente Urgal Alonso.

**2011000961**

\* \* \*

## **O GROVE**

### **E D I C T O**

*José Olleros Pérez e/r de Davandoira, S.L. solicitou nesta Alcaldía licenza municipal para a instalación e apertura dun restaurante, situado en Reboreda, 73/B. (Exp. 21/08).*

En cumprimento do establecido no apartado a) do número 2, do art. 30 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese o expediente a información pública por un período de dez días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

O Grove, 8 de febreiro de 2011.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico.

**2011001491**